Proba Extraordinaria: Todo o alumnado ten dereito a unha proba extraordinaria no mes de maio.

Os criterios de avaliación e os obxectivos de esa proba son os mesmos que para o plan de traballo e correspondense cos criterios de avaliación e obxectivos mínimos de cada curso.

A realización e a corrección da proba serán levados a cabo pola xefa de departamento. A data da proba extraordinaria será determinada pola dirección do centro.

J. DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS E COLECTIVAS A ADOPTAR COMO CONSECUCIA DOS SEUS RESULTADOS

A avaliación inicial realízase cando se emprende un novo percorrido educativo. Permite determinar os coñecementos previos de cada alumno/a, que de algunha maneira están relacionados coa área, en cada nova situación de aprendizaxe. Esta información orientará ó profesor/a para decidilo enfoque didáctico e o grao de profundidade con que debe desenvolver os novos contidos. A avaliación inicial tamén permite detectar aquelas alteracións e disfuncións que poden interferir no proceso educativo e que precisan dunha atención especial, e valorala disposición emotiva do alumno/a cara á área.

Procedemento a seguir:

Os alumnos farán **unha proba de avaliación inicial** (pode ser de tipo test, produtos informáticos, ou cuestionario) de coñecementos previos, no que se efectúen preguntas sinxelas (pode ter cuestións relacionadas con distintos coñecementos, que teñen relación con esta materia, por exemplo matemáticos, físicos, expresión escrita e gráfica, tecnolóxicos, así como contidos propios da área impartidos en cursos anteriores).

Duración: 1 ou 2 sesións.

Da análise dos resultados obtidos nesta proba, pódese deducir algunha incidencia en alumnos puntuais (por exceso ou por defecto). No caso de que se detecte, por exemplo algún alumno con

deficiencias claras, comunicárase ó Departamento de Orientación có fin de que fagan as investigacións oportunas e se poidan tomar as medidas precisas

Informárase ós alumnos de que este tipo de proba inicial é de carácter orientativo para o profesor/a, e, por tanto non será avaliable.

Tamén se poderá obter información sobre os coñecementos previos e o grao de desenvolvemento das competencias básicas facendo una análise dos informes persoais do curso anterior e completárase coa información obtida da persoa titora.

K. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Como medidas de atención á diversidade existen:

Realización de cursos a través da aula virtual, o que permite que cada persoa leve o ritmo axeitado ao seu aprendizaxe.

Tamén para poder reforzar contidos ou facelos máis doados contamos con material que cremos que axuda ao alumnado con maiores dificultades para adquirir os contidos. Este material vai dende operadores mecánicos ou eléctricos ata robots que permiten realizar diferentes actividades. Ademais o propio sistema de proxectos axuda á atención á diversidade xa que estes proxectos poden variar en dificultade e duración de xeito que se adecúen a cada alumno/a, para que poidan obter os mellores resultados.

E segundo ás necesidades detectadas na aula tomaranse as medidas axeitadas para cada necesidade, seguindo as pautas que se recomenden dende o departamento de orientación, de diferentes asociacións ou de especialistas que as nais e pais consulten e comuniquen ao centro. Incorpórase aquí o documento sobre as medidas de atención á diversidade.

MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE EN GALICIA	
<p>DECRETO DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE Ordinarias:sen alteración significativa de obxectivos, contidos e criterios de avaliación (adaptación non significativa do currículo) Extraordinarias:adaptacións significativas do currículo (autoriza IE)</p> <ul style="list-style-type: none"> • Adaptacións curriculares • Agrupamentos flexibles • Apoio PT/AL • Flexibilización do período de escolarización. • Atención domiciliaria 	Decreto 229/2011 do 7 de decembro (DOG 21-12)

<ul style="list-style-type: none"> • Extranxeiros: grupos de adquisición de línguas e adaptación da competencia curricular. • AC (Adaptacións Curriculares): modifica obxectivos, contidos, ou criterios de avaliación. Require autorización IE • RE (Reforzo Educativo): proceso ordinario co profesor. 	<p>Orde do 6-10-95 regula adaptacións do currículo nas ensinanzas de réxime xeral (DOG 7-11)</p> <p>IE comproba: comisión xefe de estudos, titor, profesores + conformidade de pais + documento de adaptación curricular: datos persoais-físicos-psicosociais-sociofamiliares-escolares-pedagóxicos-profesorado participante.</p>
<ul style="list-style-type: none"> • Agrupamentos flexibles • Fragmentación de 3º e 4º • Flexibilización idade na etapa 	<p>Orde 17/12/02 criterios escolarización para alumnado nee (DOG 30/01/03)</p>
<ul style="list-style-type: none"> • Grupos de adquisición de linguas • Grupos de adaptación da competencia curricular 	<p>Orde 20/02/04 medidas de adaptación extranxeiros (DOG 26)</p>
<p>Programas de Mellora de Aprendizaxe e do Rendemento(autoriza IE)</p> <ul style="list-style-type: none"> • Ámbitos lingüístico e social, científico-tecnolóxico e línguas extranxeiras • Materias comunes en grupos de referencia 	<p>Decreto 86/2015 e Resolución 27-7-15 2º e/ou 3ºESO</p> <p>Dificultades de aprendizaxe con esforzo. Cursa 1º ou 2º ESO e repite. Cursa 3º e repite.</p> <p>Informa equipo docente, ditame DO, oídos pais e alumnado. Proposta a IE</p>
<p>Programas de Diversificación Curricular(autoriza IE)</p> <ul style="list-style-type: none"> • Ámbitos lingüístico e social, científico-tecnolóxico e línguas extranxeiras • Materias comunes en grupos de referencia 	<p>Orde 30/07/07. Regula PDC (DOG 21-08)</p> <p>IE comproba antes do 5 de setembro: Proposta titor/a a DO+informe DO + comisiónes xefe estudos, DO, titor+opinión pais</p>
<p>Materias optativas</p>	<p>Resolución do 29 de maio de 2019 da Dirección de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa (DOG 11 de xuño de 2019)</p>
<p>Desdobramentos 1h/sem. Ciencias, Física, Química, Bioloxía e Xeoloxía, Língua extr.</p>	<p>Orde 1/8/97 desenvolvemento ROC (Art 71-h)</p>

Para dar resposta á atención á diversidade seguimos a normativa marcada no Decreto 229/2011 do 7 de febreiro polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes na Comunidade Autónoma de Galiza.

Polo que respecta ao noso centro especificamente, para atender as necesidades detectadas polos equipos docentes unha vez realizada a avaliación inicial, propóñense as seguintes medidas de acordo ao citado decreto:

1.-MEDIDAS ORDINARIAS (Sección 2ª. Art.8 p.2)

1.1.- Adaptación dos tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación dirixidos a alumnos e alumnas que están diagnosticados de TDAH e DISLEXIA; seguimos o protocolo de actuación:

PAUTAS E ESTRATEXIAS PARA BENEFICIAR AO ALUMNADO CON TDAH

O alumnado debe estar sentado cerca da mesa do profesor/a.

- Asegurarnos en cada momento que o alumno/a entendeu a tarefa.
- Permitir máis tempo para facer os exames.
- Os exames escritos completalos con exames orais cando se observa que están incompletos e sexa doado.
- Cada enunciado só terá unha pregunta.
- Valorar o contido das respostas e non a ortografía ou composición do texto.
- Evitar que o alumno/a teña máis dun exame por día.
- Dar a coñecer a data das probas de avaliación con tempo de antelación.
- Controlar o tempo do exame, cada 10-15 min, o que axudará a que xestionen e organicen mellor os tempos en cada actividade.
- Supervisar que o alumnado revise o exame antes de entregalo.

RECOMENDACIÓNS:

DISLEXIA

Esta AC ten por obxectivo proporcionar ao alumnado as ferramentas metodolóxicas e de acceso necesarias polo trastorno de aprendizaxe que presenta.

1- DITADOS:

- Contemplar a posibilidade de que o alumno/a poida facelo a ordenador.
- Ditados preparados
- Corrixir únicamente as faltas de ortografía que fagan referencia á regra ortográfica que nese momento se estea traballando
- Non se aconsellan os ditados realizados en audio nos que non se poida regular a velocidade

2- COPIADOS:

- Reducir a cantidade de texto a copiar.
- Permitir que se fagan no ordenador.

3- EXAMES:

- Aumentar o tamaño da letra, e o interliñado.
- Fragmentar o texto en pequenas partes e intercalar preguntas de comprensión con outras de numerar; preguntas curtas de libre elección...
- Evitar preguntas de resposta aberta
- Realizar unha lectura previa do exame

4-AVALIACIÓN

- Permitir que o alumno/a responda nasúa língua materna ou que presente interferencias entre o castelán e o galego e non penalizalo por elo.
- Evitar a corrección en vermello
- Evitar a corrección sistemática de tódolos erros e faltas de ortografía.
- Presentar as preguntas do exame por escrito (non ditar).
- Evitar mais dun exame por día.
- Dar a coñecer a data da avaliación con tempo de antelación .
- Ofrecer alternativas complementariasde avaliación ao exame escrito: orales , tipo test...
- Avaliar as tarefas, probas, traballos ou exames en función do seu contido.
- Nas probas escritas asegurarnos de que comprendeu os enunciados.
- Despóis de 5-10 min de comenar o exame é aconsellable preguntar se ten dúbidas e animalo a preguntar se non entende ao longo do exame.

5- RECURSOS

- O ordenador é unha ferramenta das máis útiles, sobretudo en alumnado con disgrafías. Sempre que sexa posible debe aceptarse o uso del para realizar as tarefas.
- Programas de recuperación e reforzo.
- Programas de enriquecemento para alumnado diagnosticado de Altas Capacidades co fin de proporcionarlles ferramentas para que amplíen, afonden ou investiguen sobre temas relacionados

coas súas aptitudes sobresaíntes.

- **Medidas extraordinarias** (Sección 2ª Art 9 do Decreto 299/2011 do 7 de decembro):

Medidas que requiren modificacións significativas do currículo ordinario e cambios esenciais no ámbito organizativo, así como nos elementos de acceso ao currículo

a) Alumnado con dificultades a nivel motórico e con mobilidade reducida: presentan unha necesidade educativa permanente e para dar unha resposta coprrecta é necesario introducir axudas pedagóxicas de carácter persoal, material e técnico co obxectivo de acceder á súa aprendizaxe coñecendo o seu entorno e as experiencias que poden levarse nel.

A resposta educativa do centro é ofrecerlle as adaptacións que se deben realizar para así proporcionar a atención máis apropiada ás necesidades que precisen: adaptación nos elementos de acceso persoais (PT), recursos e materiais necesarios(ordenador), e adaptacións nos elementos básicos do currículo.

L. CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS QUE SE TRAVALLARÁN NO CURSO QUE CORRESPONDA

Segundo reza no *Artigo 4.1 do Decreto 86/2015* os elementos transversais como a comprensión lectora (CL), a expresión oral e escrita (EOE), a comunicación audiovisual (CA), as tecnoloxías da información e da comunicación (TIC), o emprendemento (EM), e a educación cívica e constitucional (ECC) traballaranse en todas as materias. Na táboa do apartado 5 (Concreción, para cada estándar de aprendizaxe avaliable, de temporalización, grao mínimo de consecución para superar a materia e procedementos e instrumentos de avaliación) especificanse os elementos transversais que se tratan relacionándoos cos estándares que se traballan ao mesmo tempo. O tratamento dos temas transversais depende da metodoloxía utilizada, e esta está considerada no traballo dos diferentes estándares.

Ademais disto, pola propia natureza da materia, tratarase a educación en valores a través de diferentes contidos, sobre todo actitudinais, que poderemos resumir en:

- Educación para a igualdade: estará sempre presente, sen facer diferenza entre o noso alumnado por causa do seu sexo, raza, crenzas ou calquera outra característica de diferenciación entre as persoas. Terá especial presenza a igualdade entre mulleres e homes, máxime tratándose dun ámbito, o tecnolóxico, do que tradicionalmente as mulleres foron apartadas.
- Educación ambiental: é fundamental fomentar o respecto ao ambiente e fomentar o

correcto emprego dos medios de que se dispón sen desperdiciar recursos, insistindo na reciclaxe e na conservación. Baixo estas premisas actuaremos sobre todo na aula-obradoiro, reducindo, reutilizando e reciclando na medida das nosas posibilidades.

- Educación para a saúde: debemos adquirir bos hábitos de traballo na aula-obradoiro, así como uns adecuados hábitos de seguridade, saúde e limpeza. Tamén é importante a adecuada hixiene ocular ou visual e unha boa hixiene postural nun sistema onde os ordenadores toman cada día un papel máis importante.
- Educación para a convivencia: debemos contribuír a crear un marco de respecto mutuo e de solidariedade recíproca, expresada na interrelación harmoniosa e sen violencia entre os diferentes sectores da comunidade educativa, seguindo as pautas marcadas pola Estratexia de convivencia escolar en Galicia 2015-2020. Para iso, é preciso facer fincapé na correcta resolución dos conflitos, fomentando o diálogo baseado no respecto e tentando atopar solucións de consenso de xeito democrático. Isto adquire grande importancia cunha programación na que os traballos grupais son numerosos.
- Educación para o consumo: fomentando entre o alumnado un consumo responsable, tanto dos seus propios materiais como dos do centro (aula, material informático, obradoiros,...).
- Interculturalidade: traballando dende o principio de respecto ás distintas culturas e xeitos de entender o mundo, entendendo isto como un enriquecemento. Con respecto a isto, é importante sinalar a cada vez máis frecuente presenza nas nosas aulas de alumnos e alumnas doutras culturas que nos axudan a interpretar que non todas as realidades son iguais.

2ºESO

CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	ELEMENTOS TRANSVERSAIS
Bloque 1. Proceso de resolución de problemas tecnolóxicos	
B1.1. Identificar e describir as etapas necesarias para a creación dun produto tecnolóxico desde o seu deseño ata a súa comercialización.	
TEB1.1.1. Deseña un prototipo que dá solución a un problema técnico sinxelo, mediante o proceso de resolución de problemas tecnolóxicos.	CCL,EOE,TIC,ECC EM

B1.1. Identificar e describir as etapas necesarias para a creación dun produto tecnolóxico desde o seu deseño ata a súa comercialización.	
TEB1.2.1. Elabora a documentación necesaria para a planificación da construción do prototipo.	CCL, EOE, CA, TIC
TEB1.2.2. Constrúe un prototipo que dá solución a un problema técnico sinxelo, mediante o proceso de resolución de problemas tecnolóxicos.	EM
TEB1.2.3. Traballa en equipo de xeito responsable e respectuoso.	ECC, EM
Bloque 2. Expresión e comunicación técnica	
B2.1. Representar obxectos mediante vistas e perspectivas aplicando criterios de normalización e escalas.	
TEB2.1.1. Representa mediante vistas e perspectivas obxectos e sistemas técnicos, mediante esbozos e empregando criterios normalizados de cotación e escala.	
B2.2. Interpretar esbozos e bosquexos sinxelos como elementos de información de produtos tecnolóxicos.	
TEB2.2.1. Interpreta esbozos e bosquexos sinxelos como elementos de información de produtos tecnolóxicos.	
B2.3. Explicar mediante documentación técnica as fases dun produto desde o seu deseño ata a súa comercialización.	
TEB2.3.1. Produce os documentos relacionados cun prototipo sinxelo empregando software específico de apoio.	CCL, EOE, CA, TIC
Bloque 3. Materiais de uso técnico	
B3.1. Analizar as propiedades dos materiais utilizados na construción de obxectos tecnolóxicos.	
TEB3.1.1. Describe as características propias dos materiais de uso técnico.	CCL, EOE
TEB3.1.2. Identifica tipos de materiais con que están fabricados obxectos técnicos cotiás.	
B3.2. Manipular e mecanizar materiais convencionais asociando a documentación técnica ao pro-	

<p>ceso de produción dun obxecto, respectando as súas características e empregando técnicas e ferramentas adecuadas, con especial atención ás normas de seguridade e saúde.</p>	
TEB3.2.1. Identifica e manipula con seguridade as ferramentas do taller en operacións básicas de conformación dos materiais de uso técnico.	ECC
TEB3.2.2. Elabora un plan de traballo no taller con especial atención ás normas de seguridade e saúde.	ECC, EM
<p>Bloque 4. Máquinas e sistemas: estruturas, mecanismos e circuitos eléctricos</p>	
<p>B4.1. Analizar e describir os esforzos aos que están sometidas as estruturas, experimentando en prototipos.</p>	
TEB4.1.1. Describe audiovisual ou dixital, as características propias que configuran os tipos de estruturas, apoiándose en información escrita.	CCL, EOE, CA, TIC
TEB4.1.2. Identifica os esforzos característicos e a súa transmisión nos elementos que configuran a estrutura.	
<p>B4.2. Identificar operadores mecánicos de transformación e transmisión de movementos en máquinas e sistemas e empregalos para deseñar e montar sistemas mecánicos.</p>	
TEB4.2.1. Describe, mediante información escrita e gráfica, como transforman e transmiten o movemento distintos mecanismos.	CCL, EOE
TEB4.2.2. Calcula a relación de transmisión de elementos mecánicos como as poleas e as engrenaxes.	
TEB4.2.3. Explica a función dos elementos que configuran unha máquina ou un sistema desde o punto de vista estrutural e mecánico.	CCL, EOE
TEB4.2.4. Simula mediante software específico e mediante simboloxía normalizada sistemas mecánicos.	CA, TIC
TEB4.2.5. Deseña e monta sistemas mecánicos que cumpran unha función determinada.	
<p>B4.3. Deseñar e simular circuitos eléctricos con simboloxía adecuada e montalos con operadores elementais.</p>	
TEB4.3.1. Deseña e monta circuitos eléctricos básicos empregando lám-	EM

padas, zumbadores, motores, baterías e conectores.	
TEB4.3.2. Deseña circuítos eléctricos básicos, utilizando software específico e simboloxía adecuada, e experimenta cos elementos que o configuran.	TIC, EM
Bloque 5. Tecnoloxías da información e da comunicación	
B5.1. Distinguir as partes operativas dun equipamento informático.	
TEB5.1.1. Identifica as partes dun computador.	TIC
B5.2. Utilizar un equipamento informático para elaborar e comunicar proxectos técnicos sinxelos.	
TEB5.2.1. Manexa programas e software básicos.	CA, TIC
TEB5.2.2. Utiliza adecuadamente equipamentos informáticos e dispositivos electrónicos.	TIC, ECC
TEB5.2.3. Elabora, presenta e difunde proxectos técnicos sinxelos con equipamentos informáticos.	CCL, EOE, CA, TIC EM
B5.3. Diseñar e elaborar unha aplicación mediante un contorno de programación gráfico, utilizando o proceso de resolución de problemas tecnolóxicos.	
TEB5.3.1. Deseña e elabora aplicacións informáticas sinxelas mediante un contorno de programación gráfico.	CA, TIC, EM

4ºESO

CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ELEMENTOS TRANSVERSAIS
B1.1. Elementos e dispositivos de comunicación con fíos e sen eles.	CCL, CMCCT, CD
B1.2. Tipoloxía de red	
B1.3. Publicación e intercambio de información en medios dixitais.	CD, CAA, CSIEE, CSC
B1.4. Conceptos básicos e introdución ás linguaxes de programación.	CMCCT, CAA,

CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ELEMENTOS TRANSVERSAIS
	CSIEE, CD
B1.5. Uso de computadores e outros sistemas de intercambio de información.	CMCCT, CD, CAA
Bloque 2. Instalacións en vivendas	
B2.1. Instalacións características: eléctrica, de auga sanitaria e de saneamento.	CMCCT, CAA, CCL
B2.2. Outras instalacións: calefacción, gas, aire acondicionado e domótica.	
B2.3. Normativa, simboloxía, análise e montaxe de instalacións básicas.	CMCCT, CAA, CMCC, CD, CSC
B2.4. Aforro enerxético nunha vivenda. Arquitectura bioclimática.	CSIEE
Bloque 3. Electrónica	
B3.1. Electrónica analóxica.	CCL, CMC, CTCD
B3.2. Compoñentes básicos.	
B3.3. Simboloxía e análise de circuitos elementais.	CMCCT, CAA, CSIEE
B3.4. Uso de simuladores para analizar o comportamento dos circuitos electrónicos.	
B3.5. Montaxe de circuitos sinxelos.	CMCCT
B3.6. Electrónica dixital.	CMCCT, CSIEE,
B3.7. Aplicación da álgebra de Boole a problemas tecnolóxicos básicos.	CAA
B3.8. Portas lóxicas.	CMCCT, CSIEE, CAA
Bloque 4. Control e robótica	
B4.1. Sistemas automáticos; compoñentes característicos de dispositivos de control.	CCL, CMCCT, CAA

CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ELEMENTOS TRANSVERSAIS
B4.2. Deseño e construción de robots.	CMCCT, CAA
B4.3. Graos de liberdade.	
B4.4. Características técnicas.	
B4.5. O computador como elemento de programación e control.	CMCCT, CD, CAA,
B4.6. Linguaxes básicas de programación.	CSIEE
B4.7. Aplicación de tarxetas controladoras na experimentación con prototipos deseñados.	
Bloque 5. Neumática e hidráulica	
B5.1. Análise de sistemas hidráulicos e pneumáticos.	CCL
B5.2. Compoñentes.	CMCCT
B5.3. Principios físicos de funcionamento	CCL, CMCCT
B5.4. Simbología.	CMCCT, CAA, CSIEE
B5.5. Uso de simuladores no deseño de circuitos básicos.	CMCCT, CD, CAA
B5.6. Aplicación en sistemas industriais.	CSIEE
Bloque 6. Tecnoloxía e sociedade	
B6.1. O desenvolvemento tecnolóxico ao longo da historia.	CMCCT, CAA, CCEC, CSC
B6.2. Análise da evolución de obxectos técnicos e tecnolóxicos. Importancia da normalización nos produtos industriais.	CMCCT, CAA CSC, CCEC
B6.3. Aproveitamento de materias primas e recursos naturais.	CCL , CMCCT
B6.4. Adquisición de hábitos que potencien o desenvolvemento sustentable.	CSC, CCEC, CD,

CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ELEMENTOS TRANSVERSAIS
	CAA

4ºESO TIC

CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ELEMENTOS TRANSVERSAIS
Bloque 1. Ética e estética na interacción en rede	
B1.1. Políticas de seguridade para a protección do individuo na interacción coa rede. Contrasinais. Condutas e hábitos seguros.	CD, CSCCM, CCT.
B1.2. Intercambio e publicación de información dixital na rede. Seguridade e responsabilidade no uso dos servizos de publicación.	
B1.3. Dereitos de propiedade intelectual e de explotación dos materiais aloxados na web. Tipos de licenzas de distribución.	CD, CAA, CSC, CCEC
B1.4. Propiedade e distribución do software e da información. Tipos de licenzas de uso e distribución.	CD, CAA, CSC
B1.5. Identidade dixital, privacidade e seguridade. Desenvolvemento de actitudes de protección activa ante dos intentos de fraude.	CD, CSC, CCEC
Bloque 2. Computadores, sistemas operativos e redes	
B2.1. Funcións de configuración dos equipamentos informáticos.	CD, CMCCT, CAA
B2.2. Instalación e eliminación de software de propósito xeral.	CD, CMCCT, CAA
B2.3. Utilización de software de comunicación entre equipamentos e sistemas.	CD, CMCC
B2.4. Arquitectura dun computador: compoñentes básicos e características.	CD, CMCCT

CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ELEMENTOS TRANSVERSAIS
B2.5. Elementos e sistemas para a comunicación con fíos e sen eles	CD, CMCCT, CCL
Bloque 3. Organización, deseño e produción de información dixital	
B3.1. Procesos de produción de documentos con aplicacións ofimáticas e de deseño gráfico. Maquetaxe. Importación de imaxes e gráficos.	CD, CMCCT, CCL CAA, CSIEE, CCEC
B3.2. Formatos abertos e estándares de formato na produción de documentación.	
B3.3. Operacións básicas en follas de cálculo. Creación de gráficos. Elaboración de informes sinxelos.	
B3.4. Organización da información en bases de datos. Realización de consultas básicas e xeración de documentos.	
B3.5. Tipos de presentacións e estrutura do contido. Deseño da estrutura e de elementos gráficos adecuados para o público obxectivo. Importación de elementos multimedia, de imaxes e de gráficos.	CD, CMCCT, CCL, CAA, CSIEE,
B3.6. Edición e montaxe de materiais audiovisuais a partir de fontes diversas. Captura de imaxe, de audio e de vídeo, e conversión a outros formatos.	CCEC, CSC
B3.7. Tratamento básico da imaxe dixital. Exposición, saturación, luminosidade e contraste.	
Bloque 4. Seguridade informática	
B4.1. Procedementos de intercambio de información entre dispositivos físicos de características técnicas diversas.	CD, CMCCT, CCL
B4.2. Riscos de seguridade para sistemas, aplicacións e datos. Hábitos de protección.	
B4.3. Medidas de seguridade activa e pasiva. Actualización do software. Antivirus e devasas.	
Bloque 5. Publicación e difusión de contidos	
B5.1. Compartición de recursos en redes locais e en internet.	CD, CMCCT, CAA, CSC

CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ELEMENTOS TRANSVERSAIS
B5.3. Deseño de páxinas web sinxelas.	CD, CMCCT, CCL CAA , CSC, CSIEE CCEC
B5.4. Creación e publicación na web. Estándares de publicación.	CD, CMCCT, CCL
B5.5. Traballo colaborativo con servizos na nube e coas ferramentas das TICCAA, CSIEE, CSC de carácter social.	
Bloque 6. Internet, redes sociais e hiperconexión	
B6.1. Creación e publicación na web de materiais multiplataforma accesibles.	CD, CMCCT, CSIEE, CCL, CAA
B6.2. Recursos e plataformas de formación a distancia, emprego e saúde.	CSC
B6.3. Administración electrónica e comercio electrónico: intercambios económicos e seguridade.	
B6.4. Sincronización entre dispositivos móbiles e computadores.	
B6.5. Redes sociais. Privacidade e seguridade persoal na interacción en redes sociais.	CD, CMCCT, CCL, CAA, CSC, CSIEE
B6.6. Utilización de canles de distribución de contidos multimedia para distribución de materiais propios.	CD, CMCCT, CCL CSC

M. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES .

Se as circunstancias sanitarias o permiten poderíase facer algunha das actividades seguintes:

- Visita educativa para 2º E.S.O a Sotavento (Pontes de García Rodríguez)
- Visita educativa para 2ºESO ao Museo da Ciencia e Tecnoloxía en A Coruña con data por determinar.
- Visita ao parque Aquaciencia en Ferrol co alumnado de 2º ESO.

- Realización de charlas informativas para o alumnado de TIC e de saídas profesionais no ámbito das tecnoloxías da información e a comunicación.
- Participación no concurso de Galicia Innova, no de robótica de Galicia e outros que poidan convocar que sexan de interese.
- Día da Ciencia en galego e aquelas actividades ou visitas educativas que poidan xurdir e o Departamento considere oportuno
- Exposición dos traballos realizados polo alumnado
- Participación na páxina web do centro
- Participación no concurso de Booktrailers organizado polo departamento de tecnoloxía.
- Realización dun concurso de loita de sumo entre robots no centro
- Participación co alumnado de tódolos cursos nas actividades propostas polo equipo de dinamización da lingua galega

Todas as actividades intentarase coordinar con outros departamentos.

N. MECANISMOS DE REVISIÓN, DE AVALIACIÓN E DE MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICAS EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA

Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora.

Durante o ano académico o Departamento de Tecnoloxía dedicará cada mes unha das súas reunións para facer un **seguimento e revisión da programación**, para detectar si está axustada ás necesidades de cada curso, en canto a contidos, temporalización, metodoloxía, etc. e realizar accións encamiñadas a solucionarlas, para que finalmente podamos chegar ao planificado.

E ó final de cada avaliación farase unha valoración de unidades dadas con respecto ás programadas no trimestre. Ditas revisións serán recollidas no libro de actas do departamento, e/ou tamén na memoria final de curso.

Con todos estes datos elaborarase a programación da materia para o seguinte ano académico.

O procedemento para realizar o seguimento da programación docente farase coincidir coas sesións de avaliación, nas que se considerarán, entre outros, os seguintes aspectos:

Sesión de avaliación trala avaliación inicial. Nesta sesión de avaliación, como consecuencia da valoración realizada na avaliación inicial, estudarase si a planificación prevista é a adecuada en

canto a:

- Si o alumnado posúe os coñecementos previos necesarios para abordar esta programación docente e, en caso contrario, medidas a adoptar.
- Os contidos a desenvolver e a secuenciación dos mesmos.
- Si as estratexias metodolóxicas previstas son as máis adecuadas para este grupo.
- A organización temporal prevista.
- Si o tipo de actividades previstas é o adecuado ao grupo de alumnado.

Sesións da primeira e segunda avaliación. Nestas sesións de avaliación analizarase o desenvolvemento da programación docente valorando os seguintes aspectos:

- Si o alumnado vai adquirindo os coñecementos e competencias previstos.
- Si a organización temporal da mesma está sendo a adecuada.
- Si as estratexias metodolóxicas desenvolvidas son as máis adecuadas.
- Balance xeral e propostas de mellora.

Sesión da terceira avaliación. Nesta sesión realizarase unha avaliación do desenvolvemento da programación docente facendo maior fincapé nos seguintes aspectos:

- Grado no que se desenvolveu a programación docente.
- Valoración dos resultados académicos, é dicir, en que grado conseguíronse as aprendizaxes e competencias básicas previstos no alumnado.
- En que medida funcionaron as propostas de mellora introducidas nas anteriores sesións de avaliación.
- Análise xeral: valoración do conseguido, análise das posibles causas das dificultades atopadas, **propostas de mellora** e/ou revisión dalgúns aspectos da programación docente.

A avaliación desta programación quedará rexistrada mediante:

- A inclusión na orde do día de todas as reunións mensuais do Departamento de Tecnoloxía dun punto sobre o seguimento e grao de cumprimento da programación didáctica.
- A elaboración da Memoria Final de curso do departamento, onde se recollerán as modificacións introducidas durante o curso na programación didáctica e os seus motivos, se analizarán os resultados das avaliacións finais ordinarias e se farán propostas para a súa revisión.

Con todos estos datos elaborárase a programación da materia para o seguinte ano académico.

Cando o alumnado utilice materiais, medios, estratexias ou sistemas non permitidos expresamente polo profesorado co fin de mellorar o resultado das probas tanto escritas como por ordenador, ou axude a un compañeiro ou compañeira a facelo, o Departamento didáctico determinará cales serán as consecuencias que terán estes feitos sobre o proceso de avaliación continua. O Departamento adoptará unha decisión razoada neste sentido, que será comunicada ó alumnado afectado. De producirse e demostrarse de xeito fidedigno tales feitos nas probas extraordinarias de Setembro ou de pendentas, o alumno/a obterá a cualificación de “1”.

Ñ. PLAN LECTOR

Dentro do plan lector no departamento de tecnoloxía levaranse a cabo as seguintes actividades:

Tecnoloxía 2º ESO: Recollida de noticias por trimestre relacionados con temas tecnolóxicos. Ao final do curso elaborar un mural coas noticias e as súas relexións sobre as mesmas

Tecnoloxía 4º ESO: Lectura de revisión históricas de inventos destacables. Escollido o obxecto o alumnado realizará unha presentación, un poster, un artigo ou un vídeo pequeno sobre o mesmo: cualidades, utilidades, evolución, fallos de diseño e posibles melloras

TIC 4º ESO : Lectura de diferentes artigos ou visionados de vídeo sobre temas que relacionas as TIC e a sociedade. Os programados por agora son: “Porque me vigilan si no soy importante”, “Ordenadores cuánticos”, “Discurso de Steve Jobs ao ser nomeado doutor honoris causa”. Posteriormente deberán responder unhas preguntas, expresar a súa opinión persoal sobre o tema tratado, así como sinalar que lles resultou máis chamativo do lido. En TICII ademais realizaranse comentarios críticos aos artigos dos blogues do alumnado